

Memoria Xustificativa e Memoria Económica

Orde de 20 de marzo de 2012 que desenvolve o Decreto 222/2011, sobre autorización de titulacións oficiais no Sistema Universitario de Galicia

MEMORIA XUSTIFICATIVA

* Requisitos xerais:

I. Xustificación de interese socioeconómico para a Comunidade Autónoma e mercado laboral

O Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral ten como antecedente o Máster Oficial en Xestión e Dirección Laboral, solicitado, no ano 2006, polas tres Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), actuando como coordinadora a Universidade de Vigo, para a súa aprobación como Programa Oficial de Posgrao (POP), de acordo co RD 56/2005 de 21 de xaneiro. Avaliado favorablemente pola ACSUG, e autorizada a súa implantación pola Xunta de Galicia (Diario Oficial de Galicia 8/2/2007, Boletín Oficial do Estado 14/6/2007), o Máster impártese na USC, na UDC e na UVIGO dende o curso 2007-2008. Posteriormente, tras a publicación do xa derogado RD 1393/2007 que regula os ensinos de posgrao en España, o Máster foi verificado polo Consello de Universidades polo procedemento abreviado para o curso 2009-2010 (5 de outubro de 2009). As reformas normativas posteriores e a implantación do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos motivaron a solicitude dunha modificación do título no ano 2010 e a súa transformación nun Máster de 60 créditos, comezando a impartirse o novo plan de estudos no curso 2011-2012. Desde entón, salvo pequenas modificacións puntuais, a estrutura e os contidos do Máster permaneceron inalterados.

O título ten como obxectivo completar a formación acadada no grado, especialmente nos Graos de Relacións Laborais e Recursos Humanos, Dereito e Administración de Empresas, e contribuír á formación de profesionais de alto nivel que orienten a súa carreira profesional á xestión e dirección laboral. Unha das principais evidencias que demostran o carácter esencial e estratéxico do título para Galicia é a existencia, dende a súa primeira edición, dun convenio de colaboración coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, que se renova anualmente. A achega económica da Xunta permite a participación como docentes de persoal externo, todos eles profesionais de prestixio. Tal e como se reflicte no citado convenio, o título trata de cubrir un campo de gran interese estratéxico nas relacións laborais, e serve para dar resposta á demanda dos actuais titulados universitarios e ás súas expectativas de formación nunha área de actividade punteira no desenvolvemento da Comunidade Autónoma Galega.

O Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral ten carácter interuniversitario e participan no mesmo as tres universidades galegas, o que permite a existencia dun equilibrio territorial dentro do SUG. Os campus onde se oferta (Santiago, Vigo e Ferrol) son aqueles onde se atopa a Facultade na que se imparten os estudos do ámbito das Relacións Laborais, Recursos

Humanos e Ciencias do Traballo (Facultade de Relacións Laborais USC, Facultade de Ciencias do Traballo UDC e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo UVIGO), polo que o nivel de especialización está garantido.

O feito de que se trate dun Máster interuniversitario facilita a mobilidade dos estudantes entre as tres sedes e permite responder mellor, e de maneira coordinada entre as tres universidades do SUG, ás necesidades reais do mercado laboral.

Os datos dispoñibles sobre a inserción laboral dos egresados do Máster en Xestión e Dirección Laboral nas tres universidades indican unha empregabilidade favorable, o que permite constatar o interese profesional e social do título. En xeral, os egresados valoran, de forma satisfactoria, a utilidade do Máster para o seu desenvolvemento profesional e sociolaboral. Ademais, a disposición dos títulos profesionais a contratar aos estudantes que realizaron prácticas académicas externas reforza esta percepción.

II. Demanda.

Nos últimos 5 cursos académicos, o Máster en Xestión e Dirección Laboral tivo unha elevada demanda de acceso. Durante os últimos 5 cursos académicos mantívose unha oferta estable de 90 prazas anuais repartidas entre as tres universidades. A matrícula global e de novo ingreso mostrou unha tendencia crecente, alcanzando no curso 2023-2024 as súas cifras máis elevadas, cubríndose a práctica totalidade das prazas ofertadas, o que indica un incremento do interese por parte do estudiantado. Ademais, o perfil académico dos estudantes é cada vez máis competitivo, con notas medias de acceso, con carácter xeral, superiores a 7.

Tendo en conta que un dos obxectivos da reforma do plan de estudos do Máster que se propón é actualizar os contidos do título para adaptalos ás novas demandas e necesidades da sociedade, é realista prever que a alta demanda de acceso ó Máster manterase e mesmo aumentará, chegando a cubrirse a totalidade das prazas ofertadas nas tres Universidades.

III. Non duplicidade.

Non existe coincidencia entre o Máster en Xestión e Dirección Laboral e os contidos e obxectivos doutros títulos do SUG. De feito, este Máster é o único título de posgrao oficial de carácter universitario que existe no ámbito das Relacións Laborais e Recursos Humanos no SUG, o que lle confire unhas características e posibilidades únicas.

IV. Outros.

– Planificación da conexión das titulacións de grao, máster e doutoramento.

O Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral complementa a oferta de títulos de Grao das distintas universidades nas que se imparte, en particular do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, do Grao en Dereito ou do Grao en ADE e afíns.

Ademais, o presente título de Máster habilita ós egresados a continuar os estudos de doutoramento en distintos programas, en particular no programa Interuniversitario de Doutoramento en Relacións Laborais e Recursos Humanos, coordinado pola Universidade de Santiago de Compostela e coa participación das universidades da Coruña, Oviedo e Zaragoza.

– Coherencia da titulación proposta co Plan Estratéxico da universidade proponente.

A revisión do título de Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral é coherente cos Plans Estratéxicos actuais das tres Universidades nas que se imparte, que están dispoñibles a continuación:

- [Plan Estratéxico da USC \(2024-2026\)](#)
- [Plan Estratéxico da UDC \(2022-2026\)](#)
- [Plan Estratéxico da UVIGO \(2021-2026\)](#)

No caso da USC, a revisión do título está relacionada con todas as liñas do Plan Estratéxico, pero, particularmente, cos valores da USC e coa Liña estratéxica 2, referida á Formación e á docencia no novo contexto.

Con respecto aos valores, a elaboración da presente memoria e do Plan de Estudos estivo fortemente orientada polos valores de: procura permanente da excelencia, formación integral do estudantado, transferencia do coñecemento á sociedade e desenvolvemento sostible.

En relación coa “Liña 2 do Plan Estratéxico da USC”, a memoria e o plan de estudos elaborado teñen como obxectivos:

- Robustecer e mellorar a titulación e a súa calidade: para lograr este obxectivo, revisáronse os contidos das materias do Máster, elimináronse redundancias e duplicidades, suprimíronse materias, e hanse reformulado e creado outras novas.
- Adaptar e estruturar a oferta formativa ás necesidades da sociedade: o plan elaborado pretende estruturar a oferta formativa en consonancia coas necesidades dos egresados, das empresas e organizacións e da sociedade, proporcionando unha formación que fortaleza a empregabilidade e responda as demandas de empresas e organizacións.
- Potenciar a transversalidade e a cooperación interdisciplinar: unha característica distintiva do título de Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral é a súa interdisciplinariedade. A este respecto, o novo plan non só respectou a transversalidade e a citada interdisciplinariedade, senón que ten como obxectivo o seu fortalecemento. Para a elaboración do plan de estudos contouse coa participación de varias áreas de coñecemento, pertencentes a distintos campos, como o Dereito, a Psicoloxía do Traballo e das Organizacións ou a Economía aplicada.
- Formar en competencias dixitais, de igualdade e inclusión: este obxectivo abordouse no novo plan desde dúas perspectivas. A primeira mediante a súa inclusión explícita nos resultados do proceso de formación e aprendizaxe (ver apartado 2). A segunda perspectiva para lograr o obxectivo é mediante a inclusión no plan de estudos de materias que tratan directamente o obxectivo.

- Revisar os sistemas de avaliación: para lograr este obxectivo, revisáronse os sistemas de avaliación nas materias do módulo común que se imparten nas tres sedes, para unificar criterios.

Na UDC, a revisión do título está en liña cos valores polos que se rexe a Universidade e aos que fai referencia o Plan Estratégico, en particular, co de calidade.

Así mesmo, é importante destacar a relación da citada modificación do título con todos a obxectivos da área estratéxica 01, relativa á Docencia e á aprendizaxe, algúns dos cales coinciden cos obxectivos presentes no Plan Estratégico da USC, aos que xa se fixo referencia. Os devanditos obxectivos son os seguintes:

- Impulsar a captación e a retención de talento: para lograr este obxectivo introducíronse criterios específicos de admisión.
- Impulsar e fortalecer a calidade nos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- Construír unha oferta formativa innovadora que responda as demandas e retos sociais da nosa contorna.
- Potenciar unha formación orientada á inserción laboral e promover o emprendemento para os egresados.

Na UVIGO, a revisión do título está, particularmente, relacionada cos seguintes obxectivos do seu Plan Estratégico:

- Promover unha oferta de posgraduado plurilingüe, sostible e de calidade contrastada.
- Desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e institucións que melloren a empregabilidade do estudantado.
- Captar estudantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria.
- Contribuír á transformación dixital da universidade.

*** Requisitos específicos:**

De acordo co artigo 5.2 do Decreto 222/2011, de 9 de decembro, os Másteres universitarios deberán cumprir, polo menos, tres das seguintes condicións: 1) ser interuniversitarios, 2) outorgar competencias profesionais, 3) ter unha orientación laboral ou práctica, 4) xustificar o apoio e colaboración de empresas e instrucións da contorna socioeconómica, 5) ter as prácticas garantidas no caso de estar contempladas na memoria, 6) cubrir a formación superior de persoal en áreas de elevada demanda laboral, e 7) ter carácter internacional.

O Máster en Xestión e Dirección Laboral cumpre 6 dos 7 requisitos recollidos no artigo 5.2 do Decreto 222/2011:

1) Ten carácter universitario, pois existe un Convenio de colaboración académica entre a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para a realización conxunta do título.

2) Outorga competencias profesionais para o exercicio de distintas ocupacións no ámbito das relacións laborais, como a de Director de Relacións Laborais, Técnico en Relacións Laborais, Asesor laboral, Consultor sociolaboral, Técnico de Recursos Humanos, entre outras.

3) Ten unha clara orientación laboral ou práctica, pois o seu enfoque é eminentemente práctico e multidisciplinar e o seu obxectivo é proporcionar competencias para desenvolver distintas ocupacións vinculadas ó ámbito da Xestión e Dirección Laboral.

4) Conta coa colaboración dun número elevado de empresas coas que ten asinados convenios de colaboración para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares. Ademais, conta coa colaboración da Xunta de Galicia, a través do convenio asinado coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

5) O número de convenios asinados e en vigor na actualidade nas tres sedes permite ter garantidas as prácticas externas obrigatorias para todos os estudantes matriculados no título.

6) Cubre a formación superior nunha área non cuberta por outra titulación de Máster no SUG e de elevada demanda laboral.

Tal e como se indicou, tendo en conta a alta demanda de acceso ó Máster dos últimos anos, existen razóns obxectivas para entender que se cubrirá a práctica totalidade das prazas ofertadas no Máster en Xestión e Dirección Laboral, polo que a previsión mínima de 20 alumnos/as de novo ingreso superarase sen dificultade.

MEMORIA ECONÓMICA

Necesidades presentes e futuras de recursos humanos

As necesidades de recursos humanos para o Máster en Xestión e Dirección Laboral están totalmente cubertas polas distintas áreas de coñecemento das tres Universidades.

Na USC, as áreas con docencia no Máster son 5. O cadro de profesorado de cada unha delas indícase a continuación:

- Dereito do Traballo e da Seguridade Social: 4 Catedráticos de Universidade, 2 Titulares de Universidade, 2 Permanentes Laborais, 4 Axudantes Doutores LOSU.
- Dereito Financeiro e Tributario: 4 Catedráticos de Universidade, 1 Titular de Universidade, 1 Permanentes Laboral, 1 Axudante Doutor LOSU.
- Dereito Administrativo: 4 Catedráticos de Universidade, 4 Titulares de Universidades, 1 Axudante Doutor LOSU, 1 Asociado de Universidade.
- Psicoloxía Organizacional e xurídico-forense: 7 Catedráticos de Universidade, 1 Titular de Universidade, 2 Contratados Doutores, 2 Permanentes Laborais, 1 Axudante Doutor LOSU, 1 Asociado de Universidade.
- Fundamentos de Análise Económica: 4 Catedráticos de Universidade, 6 Titulares de Universidade, 4 Contratados Doutores, , 1 Axudante Doutor LOU, 3 Axudantes Doutores LOSU.

Deste conxunto de profesores, todos eles Doutores, moitos xa veñen impartindo docencia no título. Aínda que algunhas das áreas incrementan o número de créditos que impartirán no Máster, o cadro de profesorado conta con capacidade docente para asumir dita docencia. En conxunto, o cadro de profesorado conta con 136 sexenios e 230 quinquenios, o que demostra a capacidade do profesorado.

A modificación substancial do Máster non supón un incremento do número total de ECTS, polo que as necesidades presentes e futuras están totalmente cubertas.

Na UDC, 6 áreas de coñecemento imparten docencia no Máster. O cadro de profesorado de cada unha delas é o seguinte:

- Dereito do Traballo e da Seguridade Social: 2 Titulares de Universidade, 1 Permanente Laboral, 1 Axudante Doutor LOSU.
- Organización de empresas: 1 Catedrático de Universidade, 1 Titular de Universidade, 1 Permanente Laboral, 1 Interino de substitución.
- Psicoloxía social: 1 Catedrático de Universidade, 1 Permanente Laboral, 1 Profesor Colaborador.
- Economía Financeira e Contabilidade: 2 Titulares de Universidade, 1 Interino de substitución, 1 Asociado de Universidade.
- Comercialización e investigación de mercados: 1 Permanente Laboral.
- Fundamentos de Análise económica: 1 Titular de Universidade.

Na UVIGO, un total de 3 áreas de coñecemento, co cadro de persoal que se sinala a continuación, imparten docencia no Máster:

- Dereito do Traballo e da Seguridade Social: 1 Catedrático de Universidade, 7 Titulares de Universidade, 1 Permanente Laboral, 2 Axudantes Doutores LOSU e 2 Asociados de Universidade.
- Economía Aplicada: 1 Titular de Universidade.
- Economía Financeira e Contabilidade: 1 Titular de Universidade.

Ademais, a colaboración coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, a través do convenio que se renova anualmente dende a primeira edición do título, aporta fondos adicionais que permiten contar coa participación, no eido da docencia e investigación, de especialistas alleos á Universidade no ámbito da Xestión e Dirección Laboral. Este financiamento externo facilita o desenvolvemento de actividades docentes e de divulgación, como xornadas específicas sobre as materias do Máster, así como o reforzamento dos recursos humanos dispoñibles nas tres universidades.

En concreto, a Consellería de Promoción do Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia aporta un financiamento de quince mil (15.000 euros), a razón de 5.000 para cada unha das Universidades que participan no Máster (as de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo).

Necesidades presentes e futuras de infraestruturas

As tres Facultades nas que se vén impartindo o Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral, dende o ano 2007, dispoñen de infraestruturas adecuadas para a docencia e a investigación.

Na Facultade de Relacións Laborais da USC, o Máster conta con un aula específica de 74m² con 40 postos, proxector, ordenador, equipo de son, micrófono inalámbrico e conexión coa rede Lan e wifi. Ademais, O Máster tamén conta coas seguintes dependencias en uso compartido con outros títulos da Facultade de Relacións Laborais.

- Aula Informática 1, de 73 m², e 24 postos.
- Aula Informática 2, de 70 m², e 30 postos.
- Seminario 1, de 22 m² e 22 postos.
- Sala de Reunión e Xuntas, de 32 m² en 32 postos.
- Sala de Reunións e Profesores, de 50 m², e 32 postos.

Por último, o Máster pode facer uso dos dous salóns de uso compartido entre a Facultade de Relacións Laborais e a Facultade de Ciencias Políticas:

- Salón de Graos, de 150 m², con 104 postos, con proxector, ordenador, equipo de son, micrófono inalámbrico e conexión coa rede Lan e wifi.
- Salón de Actos, de 256 m², con 256 postos, con proxector, ordenador, equipo de son, micrófono inalámbrico, e conexión coa rede Lan e wifi.

Na Facultade de Ciencias do Traballo do Universidade de A Coruña, situada no campus de Ferrol, os recursos materiais e servizos a disposición do Máster veñen sendo os mesmos desde o curso 2019-2020. Foi nese curso cando se creou unha nova Aula NET, con 25 novos equipos informáticos. Os recursos materiais son adecuados. As aulas, despachos e o equipamento informático permiten o bo desenvolvemento das actividades. Nas tres plantas do edificio da Facultade cóntase con acceso wifi.

Na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo a docencia do Máster impártese na aula B5, que conta capacidade para 122 persoas e con boas condicións de iluminación (abundante luz natural) e temperatura). Está situada na planta baixa, moi preto da reprografía, a biblioteca, a cafetería e os despachos do profesorado que imparte docencia no Máster. A aula B5 conta con numerosas conexións á rede eléctrica, con conexión wifi, ordenador para o profesorado con conexión a internet, canón e pantalla. No Salón de Graos lévanse a cabo os actos de apertura e clausura do Máster e as Xornadas e Conferencias ás que están convidados os estudantes do Máster. A aula de videoconferencias é de gran utilidade para celebrar as Comisións Académicas do Máster, xa que algúns dos membros desta son profesores do Campus de Ourense e outros do de Vigo.

En conxunto, o Máster dispón das infraestruturas axeitadas para o seu desenvolvemento.

Outras necesidades e recursos académicos e materiais necesarios

O desenvolvemento do Máster dun modo axeitado require tamén poñer a disposición do estudiantado unha serie de recursos que faciliten a vida académica e persoal. Entre tales recursos, cómpre salientar unha biblioteca, salas de lectura e investigación, servizo de reprografía, servizos de mantemento e conservación. A estes efectos, as tres Universidades nas que se imparte o Máster poñen a disposición do estudiantado os seguintes recursos:

- Máquinas expendedoras de bebidas e alimentos.
- Área de taquillas.
- Servizo de reprografía.
- Puntos de lectura.
- Bibliotecas.

Os recursos académicos e materiais dispoñibles para o Máster considéranse axeitados, non sendo necesarios neste intre recursos adicionais neste ámbito.

Xustificación da orixe dos recursos necesarios

Non se requiren recursos adicionais que requiran xustificación.